

SVV/ mib

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

|                   |  |
|-------------------|--|
| <b>EXPEDIENTE</b> | 2025079075   |
| <b>ASUNTO</b>     | PROGRAMA "+ CONVIVENCIA" 2026  |
| <b>TRÁMITE</b>    | APROBACIÓN DA RELACIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUIDAS XUNTO COAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN |

A Deputada Delegada da área de Igualdade e Benestar Social, no exercicio das competencias delegadas pola Presidencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**

Visto o informe da Xefatura de Servizo de Benestar Social, de data 6 de abril de 2026, co CSV: 4RZHX49Z7Q9Mo1ZN, que é do seguinte teor literal:

**"ANTECEDENTES**

**Primeiro.** A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, promove un ano máis o programa +Convivencia, cuxo obxectivo principal é fomentar a participación e a cooperación social mediante a creación de espazos de encontro e intercambio de experiencias, contribuíndo á mellora da calidade de vida e á inclusión social das persoas participantes.

Así mesmo, o programa presenta un impacto económico relevante, ao contribuír á desestacionalización da demanda de servizos asociados ás actividades desenvolvidas (entradas, transporte, axencias de viaxes, guías oficiais, seguros e restauración). Neste sentido, conséntase que unha parte significativa das actividades realizadas ao abeiro do programa no exercicio 2025 desenvóléronse nos meses de abril, maio, xuño, setembro, outubro e novembro, xerando contratación de servizos fóra dos períodos de maior demanda.

Cómpre salientar a consolidación do programa no Servizo de Benestar Social, cunha traxectoria superior a vinte anos e unha elevada demanda sostida. No exercicio 2025 rexistráronse preto de 300 solicitudes, das cales se concederon un total de 233 ata o esgotamento do crédito orzamentario, acadándose unha participación de 14.995 persoas pertencentes a entidades de 56 concellos da provincia.

**Segundo.** A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 23 de xaneiro de 2026, aprobou as Bases reguladoras do programa "+ CONVIVENCIA" para o ano 2026 publicadas no BOPPO nº 28, de 11 de febreiro de 2026.



**Terceiro.** Poderán solicitar estas axudas as seguintes entidades:

- *Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra.*
- *Asociacións ou federacións de maiores, de mulleres, veciñais e culturais non rexistradas na categoría anterior.*
- *Asociacións de nais e pais.*
- *Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social e así figure nos seus estatutos.*

**Cuarto.** Serán subvencionables os gastos derivados da realización de actividades incluídas no catálogo do programa +Convivencia (anexo I), executadas entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2026, e desenvolvidas no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada, incluíndo, entre outros:

- *Entradas ou similares.*
- *Medios de transporte (barco, autobús, etc.).*
- *Servizos de axencias de viaxes.*
- *Servizos de guías oficiais de Galicia.*
- *Seguros necesarios para o desenvolvemento da actividade.*
- *Servizos de restauración ou cátering, cun límite máximo de 600,00 euros.*

**Quinto.** A contía total destinada a esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.480.05 do Orzamento Xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a 300.000,00 euros, constituíndo o límite máximo de obrigas a recoñecer.

A contía máxima da subvención por entidade será de 1.200,00 euros, condicionada ao esgotamento do crédito dispoñible. En todo caso, o importe final concedido axustarase aos gastos efectivamente xustificadas, sen que poida superar nin o límite máximo establecido nin o custo total da actividade.



**Sexto.** Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, rexistrouse un total de **392 solicitudes**, que foron analizadas polo órgano instrutor, resultando:

- **364 solicitudes admitidas** por cumprir os requisitos establecidos nas bases reguladoras.
- **26 solicitudes non admitidas**, polos seguintes motivos:
  - ✓ 5 por presentación de máis dunha solicitude.
  - ✓ 5 por incumprimento dos requisitos por parte da entidade solicitante.
  - ✓ 9 por falta de documentación requirida.
  - ✓ 5 por non adecuarse a actividade á finalidade do programa
  - ✓ 1 por presentación fóra de prazo.
  - ✓ 1 por desenvolverse a actividade fóra do ámbito territorial da provincia de Pontevedra.
- **2 solicitudes desistidas**, correspondentes a:
  - ANPA CEIP Antonio Blanco Rodríguez, por erro de interpretación relativo ao período de execución da actividade.
  - ANPA das Escolas Rurais do Rosal, por tratarse dunha actividade a desenvolver en período lectivo.

**Sétimo.** De conformidade co disposto na base 16.1, o procedemento de concesión realizarase en réxime de concorrencia non competitiva entre as entidades que presenten solicitude en tempo e forma.

No caso de que o número de solicitudes supere o número de actividades dispoñibles, establecerase a seguinte orde de prelación:

1. Entidades inscritas no RUEPSS como entidades de iniciativa social.
2. Asociacións/federacións de maiores, mulleres, veciñais e culturais.
3. Asociacións de nais e pais.
4. Outras entidades de iniciativa social.



*Dentro de cada grupo, a orde determinarase segundo a data de rexistro de entrada das solicitudes. Inicialmente cubrirase un máximo de 250 actividades, quedando o resto en lista de agarda..*

**Oitavo.** *De acordo co establecido na base 7, e tendo en conta que o inicio da execución do programa está previsto para o 1 de abril de 2026, considérase necesario declarar a tramitación de urxencia, ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*En consecuencia, establécese un prazo de cinco (5) días hábiles desde o día seguinte á publicación da lista provisional para a emenda de deficiencias e a achega da documentación requirida.*

### **PROPOSTA**

*Á vista do exposto, remítese a presente proposta e solicítase informe da Intervención, con carácter previo á publicación da Resolución presidencial pola que se aprobe a relación provisional de solicitudes admitidas e non admitidas, xunto coas correspondentes causas de exclusión no marco do programa +Convivencia 2026.*

*Achégase a relación provisional de entidades admitidas, non admitidas e desistidas (CSV: 6IGMVNAR7ICWE451))."*

Vista a dilixencia de Intervención de data 7 de abril de 2026 (CSV: QEQS771WFX3409UQ) favorable á tramitación do expediente, e de conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº2025008021, de 03 de outubro de 2025, de delegación de competencias da Presidencia, **RESOLVO**

**Primeiro.** Aprobar a relación provisional de solicitudes admitidas e non admitidas do programa "+ CONVIVENCIA" 2026, xunto coas causas de exclusión, que figura no expediente co CSV: 6IGMVNAR7ICWE451).

A inclusión nesta relación provisional non xera dereito algún para os interesados, xa que logo se poden producir variacións que resulten da presentación de documentación e/ou alegacións. Unha vez resoltas as alegacións e/ou comprobados os datos que se achegan, o servizo instrutor formulará proposta de resolución que sometera á aprobación do órgano competente, que resolverá a convocatoria segundo a orde de prelación. O anuncio da Resolución presidencial aprobando a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión do programa, publicarase na páxina web da Deputación, o que terá efectos de notificación.

**Segundo.** Publicar na páxina web da Deputación de Pontevedra esta Resolución. A consulta da relación provisional de entidades admitidas e non admitidas, xunto coas causas de exclusión poderase consultar na páxina web, ou introducindo o seguinte código seguro de verificación CSV: 6IGMVNAR7ICWE451) no enlace que se indica a continuación:  
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>



**Terceiro.** Acordar a tramitación de urxencia contemplada no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo en conta que o inicio do programa estaba previsto para o 1 de abril de 2026 e compre acelerar o procedemento para a súa correcta execución.

**Cuarto.** Conceder un prazo de CINCO (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio relativo á lista provisional de entidades admitidas e non admitidas, para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida. De non o facelo, terase por desistida da súa petición, previa Resolución ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, de conformidade con previsto no artigo 68 da citada Lei.

**Quinto.** Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>

*Asinado dixitalmente na marxe*

*Contra a presente Resolución, por tratarse dun acto de trámite non cualificado, non caberá recurso algún de acordo co disposto no artigo 112 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As persoas interesadas poderán alegar a súa oposición á mesma para a súa consideración na Resolución que poña fin ao procedemento.*

